

A12X00511

SERVIZO DE PROPIEDADE FORESTAL

C03,02785

IN 408A 2018/041

ASUNTO: Informe Avaliación Ambiental proxecto do “ PARQUE EÓLICO REBOIRO”.

EXPEDIENTE : INF_45/2022

OBXECTO E DESCRICIÓN DO PROXECTO

Con data 19 do decembro de 2018, Green Capital Power S.L. presenta solicitude de autorización das instalacións de produción de enerxía eléctrica do proxecto denominado “Parque Eólico Reboiro”.

O 15 de marzo do 2019 a “Dirección Xeral de Enerxía e Minas da Consellería de Economía, Emprego e Industria” emite notificación de admisión a trámite do parque eólico Reboiro.

O 7 de febreiro do 2020 Green Capital Power S.L. solicita ante “RED ELÉCTRICA DE ESPAÑA” o permiso de acceso ao parque eólico Reboiro na subestación de Belesar 220 kV de REE e o 1 de abril de 2020 concédese dito permiso de acceso.

Con data de 23 de decembro do 2021 solicítase permiso de conexión ante “RED ELÉCTRICA DE ESPAÑA” sin resposta a data de elaboración do proxecto.

A enerxía xerada polo Parque Eólico Reboiro evacúase a través dunha LAT 132 kV, a cal remata na subestación Aranza 132/220kV. Dende esta subestación se seccionará unha LAT 220 kV que interconectará o Parque Eólico Chao do Marco doutro promotor, coa subestación Belesar 220 kV.

Tanto a LAAT 132 kV como a SET Aranza 132/220 kV e a LAT 220 kV mencionadas forman parte doutros proxectos.

O 30 de setembro do 2020, a Dirección Xeral de Enerxía e Minas da Consellería de Economía, Emprego e Industria” remite comunicación da “Dirección Xeral de Calidade





Ambiental e Cambio Climático” onde se notifica inicio de consultas previsto no artigo 35 da Lei 21/2013 de 9 de decembro de Avaliación Ambiental.

O 13 de outubro do 2020 a “Dirección Xeral de Enerxía e Minas da Consellería de Economía Emprego e Industria” emite informe de acreditación de admisión a trámite do proxecto do parque eólico Reboiro para o cumprimento do establecido no artigo 1 do RDL 23/2020, de 23 de xuño, polo que se aproban medidas en materia de enerxía e outros ámbitos para a reactivación económica.

O 29 de decembro a “Dirección Xeral de Enerxía e Minas da Consellería de Economía Emprego e Industria” remite segundo o artigo 35 da Lei 21/2013, do 9 de decembro de Avaliación Ambiental, o documento de alcance para a elaboración do estudo de impacto ambiental, xunto coas consultas realizadas e emitido pola “Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio climático” aos efectos de que se realice o correspondente estudo de impacto ambiental.

O “Proxecto Sectorial Parque Eólico Reboiro. Abril 2021” substitúe ás versións anteriores.

OBJECTO

O obxecto do presente Estudo de Impacto Ambiental é subministrar información de afeccións ambientais derivadas da instalación e explotación do Parque Eólico Reboiro, así como as medidas correctoras, minimizadoras e compensatorias previstas, dando cumprimento á Lei 21/2013 de 9 de decembro de avaliación ambiental e súa posterior modificación mediante a Lei 9/2018 de 5 de decembro.

A infraestrutura proxectada emprazase nas parroquias de Páramo no termo municipal de Castroverde, Foglosa no termo municipal de Corgo e Pacios, Guimarei, Vilachambre e Vilartelín no termo municipal de Baralla.

O petionario e promotor das instalacións obxecto do documento é Green Capital Power S.L. con CIF B85945475.





FICHA TÉCNICA DO PARQUE EÓLICO	
NOME	Parque Eólico Reboiro
POTENCIA DO PARQUE	49,5 MW
MODELO AEROXERADOR	General Electric GE158 ou similar
N.º AEROXERADORES	11
ALTURA DO BUJE	121 m.
POTENCIA NOMINAL UNITARIA	4.500 KW
DIÁMETRO DO ROTOR	158 m.
Nº DE PALAS	3
PRODUCCIÓN MEDIA NETA OU VERTIDA A RED	172.367 (MWh/año)
HORAS NETAS EQUIVALENTES A POTENCIA NOMINAL	3.482 h.

As coordenadas en UTM en (ETRS89) Huso 29 do polígono do parque son as seguintes e abarca unha superficie de 2.742,9 ha.:

PUNTO	UTM-X	UTM-Y
P1	636732,22	4750786,49
P2	635875,08	4756786,49
P3	639875,08	4756786,49
P4	641875,08	4750786,49

A posición dos aeroxeradores en (ETRS89) Huso 29 é a seguinte:

AEROXERADOR	UTM-X	UTM-Y
RE01	637.022,16	4.754.192,22
RE02	636.982,77	4.754.671,54
RE03	636.864,91	4.755.096,99
RE04	637.457,07	4.755.987,86
RE05	638.189,57	4.755.407,55
RE06	638.930,47	4.754.571,31
RE07	639.376,22	4.754.601,21
RE08	639.752,61	4.754.324,85
RE09	639.980,99	4.753.906,99
RE10	640.078,46	4.753.264,00
RE11	640.454,10	4.752.950,48





Cada aeroxerador terá, na súa propia nacelle, un transformador co relación 0,75/30kV e potencia 5.527/5.730 KVA mediante o cal conéctase a rede de media tensión do parque. Esta rede está constituída por unha serie de liñas soterradas a un voltaxe de 30 kV e enlaza os diferentes aeroxeradores á subestación transformadora.

A localización da torre de medición será en coordenadas ETRS89 H29:

TORRE DE MEDICIÓN	UTM-X	UTM-Y
	640.507,10	4.752.550,67

A localización da subestación será en coordenadas ETRS89 H29:

SUBESTACIÓN	UTM-X	UTM-Y
	638.238,01	4.754.887,15

As coordenadas perimetrais da envolvente da subestación serán: (coordenadas ETRS89 H29)

PUNTO	UTM-X	UTM-Y
P01	638193,31	4754889,12
P02	638222,43	4754955,97
P03	638246,08	4754951,68
P04	638272,69	4754944,36
P05	638286,06	4754939,25
P06	638286,73	4754938,8
P07	638292,13	4754936,42
P08	638297,6	4754934,82
P09	638299,74	4754932,68
P10	638329,33	4754937,3
P11	638306,68	4754820,39
P12	638298,24	4754806,52
P13	638257,47	4754832,7
P14	638221,19	4754856,63
P15	638188,19	4754880,02

A superficie total do área de incidencia urbanística é dun total de 152,86 ha.





Áreas afectadas:

- Área de pleno dominio: zona que tras a construción do parque non poderá ser utilizada polos propietarios dos terreos.
 - Cimentación dos aeroxeradores: superficie de escavación necesaria da cimentación incrementada 2 m. como medida de seguridade.
 - cimentación de torre anemométrica: superficie de escavación necesaria da cimentación incrementada 2 m. como medida de seguridade.
 - plataformas de montaxe de aeroxeradores: movemento de terras necesario incrementada esta superficie 2 m. como medida de seguridade.
 - edificio de control e subestación: movemento de terras na plataforma compartida entre ambos incrementado esta superficie 1 m. como medida de seguridade.
- Área de réxime de servidume: área que trasla construción do parque non poderá ser utilizada polos propietarios dos terreos para determinadas actividades que afectan negativamente á produción do parque como edificacións os especies vexetais en alturas superiores a 10 m. Inclúe:
 - acesos, viais interiores e canalizacións de cableado.
 - Via: movemento de terras que se produce na execución incrementado en 3 m. a cada lado como medida de seguridade.
 - Gabia para o cableado: franxa de 4 m. centrada dende o eixo da gabia si descorre paralela ao viario e se descorre independente franxa de 6 m. centrada no eixo da gabia.
 - Zona do voo do aeroxerador; área circular de 158 m. de diámetro.

Obra civil

Son as seguintes:

- Plataformas de montaxe de aeroxeradores: defínense 3 plataformas diferentes en función do aeroxerador. As dimensións estándar:
 - provisións de contedores e misceláneas: son: 2 zonas (195,20 m² e 219,60 m²)
 - provisión de palas: 2.040 m²
 - zona traballo grúas e provisións 2.565 m²
 - zona montaxe grúa: 2.220 m²





- plataforma de montaxe de torre meteorolóxica
 - cimentos da torre 112,36 m²
 - plataforma de grúa de montaxe 180 m²
 - plataforma de grúa en funcionamento 270 m²
- cimentación de aeroxeradores: 22,5 m. de diámetro. É unha zapata de formigón armado, circular coa estrutura de amarre da torre embebida no centro.
- cimentación de torre meteorolóxica: planta cadrada de 10,60 m de lado e 0,50 de canto con tres pedestais de 1,5 m. de altura.
- acesos e viais interiores do parque: no deseño da rede de viais, contémpanse a construción de novos camiños e adecuación dos camiños existentes que non alcancen os mínimos necesarios. Total 12.026 m. O drenaxe farase con cunetas en terra de 0,75 m. de anchura e 0,25 m. de profundidade.

Se maximiza a utilización dos camiños existentes na zona, definindo novos trazados unicamente en casos imprescindibles, de xeito que respecte a rasante natural do terreo natural, atendendo ao criterio de menor afección ao medio.

Tódolos viais, salvo casos especiais xustificados, deberán cumprir unhas especificacións mínimas marcadas polo fabricante do aeroxerador, impostas polas limitacións presentadas polo transporte especial requirido para as diferentes partes que compoñen o aeroxerador, así como pola necesidade de que os viais e as plataformas contén coa mesma cota e pendente ao longo da lonxitude da plataforma.

ANCHO DOS VIAIS INTERIORES (m)	5
ANCHO DO VIAL Á TORRE METEOROLÓXICA (m)	4
PENDENTES MÁXIMAS EN VIAIS FIRME ZAHORRA RECTA	17%
PENDENTES MÁXIMAS EN VIAIS FIRME ZAHORRA CURVA	7 %
PENDENTES MÁXIMAS EN VIAIS FIRME FORMIGONADO RECTA	21 %
PENDENTES MÁXIMAS EN VIAIS FIRME FORMIGONADO CURVA	10%
DESMONTE	1H/1V
TERRAPLÉN	3H/2V

- áreas de xiro o aparcadoiros: para permitir as manobras dos transportes empregados, tanto na construción como no mantemento do parque, proxectase unha serie de áreas de xiro nos viais e accesos.





Tamén están dispostos aparcadoiros para o cruce de vehículos durante as fases de construción e mantemento (6 áreas de xiro e 1 aparcadoiro).

- Sistema de drenaxe cuxo obxectivo é o mantemento do réxime de escorrenta natural do terreo, nunhas condicións equiparables ás actuais trala construción da rede de viais prevista. O percorrido dos novos viais discurrirá, en gran parte do recorrido, pola parte alta do terreo, coincidindo co inicio das concas hidrográficas polo que o caudal interceptado sole ser pequeno.

O sistema de drenaxe constará de elementos lonxitudinais, as cunetas no pé do noiro de desmonte do vial e de elementos transversais, os caños que cruzan tras o vial, con seus correspondentes boquillas, e arquetas de recollida de auga, que restituirán o caudal ao noiro do terreo natural. Estes drenaxes transversais, constrúense en tubo de formigón centrífugo. O drenaxe lonxitudinal consistirá en cunetas de sección triangular de 0,75 m. de anchura e 0,25 cm. de profundidade, con noiros laterais de 3h:2V situada no pé do noiro nos tramos onde o vial descorre en desmonte.

Co fin de evitar fenómenos de erosión, as cunetas estarán revestidas con formigón nos tramos de vial con pendente igual o superior ao 7% e con pendentes inferiores ao 2%.

A zona de implantación do Parque Eólico Reboiro caracterízase por ter, na súa maior parte, pendentes baixas menores ao 10 % o entorno a ela nas áreas próximas aos aeroxeradores.

- plataforma de provisión: delimitada polos vértices de coordenadas ETRS89 H29

PUNTO	UTM-X	UTM-Y
P1	638785,85	4754825,62
P2	638785,38	4754878,53
P3	638822,57	4754897,37
P4	638857,00	4754835,01
P5	638815,18	4754774,41

- canalizaciones para cableado e arquetas
- subestación e edificio de control: localizárase no termo municipal de Baralla. Construírase sobre unha explanada acondicionada, retirando a terra vexetal e facendo escavacións o recheos con compactación hasta conseguir os requisitos de presión admisibles do terreo.





Dentro dos límites da subestación, se dispón dun edificio de control dunha sola planta e terá unhas dimensións en planta aproximada de 294 m² e unha superficie de ocupación de 3.071 m².

- cimentacións do aparelaxe eléctrico: os equipos do parque a intemperie estarán cimentados sobre zapatas de formigón armado o en masa, sobre as que arrancan as estruturas metálicas realizadas en aceiro galvanizado y con perfiles normalizados.
- rede de drenaxe da subestación: exteriormente á parcela, durante a fase de movemento de terras, realizaranse os drenaxes e cunetas perimetrais necesarias, que impidan o acceso das augas ao interior da plataforma e calcularase o drenaxe interior que evacúe a agua procedente da choiva.
- peche perimetral
- instalación alumeadado
- punto limpo: sitúase xunto a subestación e terá unha superficie de 19,68 m²

O proxecto consta de diferentes etapas o fases:

SUPERFICIES DE AFECCIÓN				
elemento	Lonxitude total (m)	Lonxitude vias nova construción (m)	Lonxitude vias existente a acondicionar (m)	Superficie de ocupación (m ²)
DESMONTES E TERRAPLÉNS				38.022,16
VIAIS	12.026	5.072	6.594	60.130
PLATAFORMAS DE MONTAXE				90.255
CIMENTACIÓNS				4.400
BASE AEROXERADORES				261,8
PLATAFORMA SET				3.071
CIMENTACIÓN TORRE MEDICIÓN				113
PLATAFORMA TORRE MEDICIÓN				450
VOLTEADEROS				7.673
ZONA PROVISIÓN				5.503
GABIAS	9.492			9.967





- **FASE DE OBRAS:** concéntrase a maior parte dos impactos si ben, a súa duración, é corta e limitada no tempo que derivan das actividades para a preparación do terreo, a construción de viais ou adecuación dos mesmos, de plataformas de montaxe, de cimentacións, a instalación de aeroxeradores e a torre meteorolóxica, a construción da subestación e gabias para o cableado. Todas estas accións pódense agrupar dentro dos seguintes grupos:

- movementos de terras, rozas, explanación, escavación, cementación e recheo.
 - ◆ Os movementos de terras tratarán de minimizar os vertidos ou préstamos fora de obra aproveitando ao máximo os transportes de intraobra.
- movemento de maquinaria
- provisión de materiais

Como consecuencia destas accións pódense producir sobre o medio unha serie de impactos.

- ◆ Perda da capa do solo
- ◆ perda de vexetación terrestre eliminación total da vexetación en certas zonas
- ◆ modificación de crecemento nas especies vexetais preto da obra
- ◆ cambios nos usos do solo

SUPERFICIES DE AFECCIÓN TEMPORAL (FASE DE OBRA)	
elemento	Superficie total (m ²)
PLATAFORMAS	90.255
CIMENTACIÓNS	4.400
DESMONTES E TERRAPLÉNS	38.022
GABIAS	9.967
ZONAS ADICIONAIS	5.953
TOTAL	148.597

Unha vez rematada a a fase de obras, na maior parte destas superficies repóñerase a cuberta vexetal (plataformas de montaxe, cimentacións, zona de provisión, gabias de cableado, desmontes e terrapléns e zonas de obra para a execución da torre de medición e a subestación,

- **FASE DE EXPLOTACIÓN:** é a máis duradeira no tempo, sendo os impacto sobre o medio menos numerosos pero máis dilatados no tempo. Contéplanse os impactos





potenciais no medio resultantes do funcionamento do conxunto de instalacións que compoñen o parque eólico. Nesta fase, aí que ter en conta as faixas de protección primaria de biomasa de certas especies de arbustos e árbores o redor dos aeroxeradores e linde da subestación, en cumprimento do disposto na Lei 3/2007 de 9 de abril de prevención de incendios forestais. As accións son as seguintes:

- presenza física do parque: aeroxeradores, torre de medición e subestación.
- mantemento das instalacións: traballo técnico de mantemento do parque eólico e labores de roza no entorno das infraestruturas que constitúen o proxecto.

Como consecuencia destas accións pódense producir sobre o medio unha serie de impactos.

- ♦ Incompatibilidade con outros usos do solo

SUPERFICIES DE AFECCIÓN PERMANENTE (FASE DE EXPLOTACIÓN)	
elemento	Superficie total (m ²)
BASE AEROXERADORES	261,8
VIAIS DE NOVA EXECUCIÓN	25.360
VIAIS ACONDICIONADOS	34.770
VOLTEADEROS	7.673
TORRE DE MEDICIÓN	113
SET	3.071
TOTAL	71.249

As labores de mantemento do parque implicarán a eliminación da vexetación, que puidera condicionar o bo funcionamento das instalacións ó acceso ás pistas. As accións levadas a cabo nesta fase nunca suporán a total eliminación da vexetación, tan solo o seu control para a correcta accesibilidade ás instalacións e o desenvolvemento óptimo do parque eólico.

- **FASE DE ABANDONO E/OU DESMANTELAMENTO:** impactos derivados do desmantelamento do parque eólico e a restauración final dos terreos.

A superficie de ocupación pola subestación, torre de medición, viais novos, áreas de xiro e base de aeróxeradores, se restaurarán na fase de desmantelamento unha vez rematada a vida útil do parque eólico, encamiñada á recuperación das condicións iniciais.





Segundo o proxecto, a superficie na que vaise restituír a vexetación, é o 67,6 %, da superficie de afección total.

Eliminaranse tódalas construcións.

Medidas protectoras o correctoras

- Cando se realice unha escavación, se amorearán de forma ben diferenciada os distintos horizontes do solo en función da súa profundidade para que á hora de restituílos, podan aportarse no orden inverso á extracción, para que os niveis manteñan o nivel de profundidade axeitado, e a capa de terra vexetal quede na superficie para asegurar a rápida colonización da vexetación.
- os viais construídos expresamente para o parque eólico serán cubertos con terra vexetal e revexetados no caso de que non sexan destinados para outro uso na fase de abandono.
- sobre os noiros se farán actuacións para repoñer a vexetación
- na fase de obra, nas gabias se restaurará a cuberta vexetal e ,na fase de desmantelamento, se eliminarán as gabias das zonas formigonadas.
- Si é posible, se valorará manter o edificio da subestación para adaptalo a un novo uso. Os accesos e aparcadoiros limítrofes serán desmantelados e se reporá a vexetación dependendo do uso posterior do edificio.
- O mantemento da vexetación, si son necesarias podas selectivas, farase preferente de xeito manual, evitando ao máximo o uso de maquinaria pesada e herbicidas, Para a realización das podas se seguirán prácticas silvícolas axeitadas.
- Faranse, sempre que sexa posible, naquelas épocas do ano na que súa incidencia sobre a vexetación sexa mínima. Evitaranse as visitas periódicas durante a época de choivas abundantes o inmediatamente despois destas.
- Cando as árbores que se eliminan poidan ocasionar danos a outras árbores que débanse conservar ou a construcións estremeiras, faranse trozas dende a copa ao pé, e procurarase que caia ao centro da zona de limpeza.
- Nos desmontes, tódalas cepas e raíces maiores de 10 cm. de diámetro eliminaranse ata unha profundidade de 50 cm. por debaixo do explanado. Os ocos deixados por mor da extracción das cepas e raíces se encherán con terra do mesmo solo facendo a compactación necesaria para conseguir á do terreo existente.





- En calquera traballo, na que as operacións ou pasos de vehículos ou maquinaria sexa en terreos próximos a algunha árbore previamente ao inicio deste deberánse protexer as árbores ao longo do tronco e unha altura non inferior a 3 m. dende o solo con taboleiros ligados con arames. Estas proteccións retiraranse unha vez rematada a obra.
- Cando se abran ocos o gabias próximas a plantacións arbóreas, a escavación nom deba aproximarse ao pé mesmo dunha distancia igual a cinco veces o diámetro da árbore á altura normal (1,20 m.) ,e calquera caso, esta distancia será superior a 0,50 m.
- No caso nos que a escavación alcance raíces grosas, estas deberánse cortar con machada deixando cortes limpos e lisos, que se pintarán con cicatrizante.
- As feridas producidas pola poda o movementos de maquinaria ou outras causas, deberan ser cubertas por unha pasta cicatrizante.
- Comprobarase a eficacia da reposición da vexetación e recuperación do solo revisando o estado da sementa feita, así como a recuperación, por rexeneración natural, daquelas zonas afectada pola obra.
- Verificarase que as medidas aplicadas conducen ao normal establecemento e progreso dos diferentes procesos de evolución das series vexetais establecidas.
- Para a eliminar a compactación do terreo, producida polo paso de maquinaria pesada, se fará un subsolado lineal, producindo unha rotura dos horizontes sin alterar a súa disposición. A profundidade do subsolado será de 45 cm.
- A sementa farase con hidrosementa e inmediatamente despois de estender a terra vexetal para garantir a suxeición do noiro, fixando a súa superficie e evitando escorrentas e cambios de perfís, así como os arrastres de augas superficiais.
- Para o mantemento da sementa, durante un primeiro período, farase unha rega en frecuencias apropiadas, farase unha reposición da sementa no outono seguinte á actuación si o grao de cobertura é inferior ao 80 % e impedirase o acceso a esta zona.
- As cimentacións serán demolidas, na fase de abandono, que xunto coa zona da subestación se igualará a súa cota a do terreo e cubrirase cun capa de terra vexetal procurando conferirlle o aspecto mais natural posible e sementaranse manualmente.

INFORME DO SERVIZO DE MONTES DO TERMO MUNICIPAL DE BARALLA

- O proxecto afecta a:





→ **M.V.M.C REBOIRO, SERRA DO GALO, PICATO, CARBALLAL E VEIGA DE ROZAS.** ID 1186. Pertenza : Picato. Termo municipal Barralla.

- ♦ Afectación: aeroxerador e viais, superficie aproximada 2,13 Ha. As especies afectadas son *Pinus radiata* en turno de corta, duns 40 anos de idade e FCC 90%, con pés de abedúl de rexeneración natural e FCC 20 %.
- ♦ Monte e xestión pública

→ **M.V.M.C. PICATO SERRA DO VAL E CARBALLAL.** ID 1188. Pertenza: Recesende. Temo municipal de Baralla.

- ♦ Afectación: poligonal do parque eólico.
- ♦ Monte de xestión pública

INFORME DO DISTRITO FORESTAL IX

- Na zona de actuación non existen valores forestais relevantes nin formacións forestais do Anexo I da Lei 7/2012 de Montes de Galicia que sexan superiores a 15 ha. e se atopen rexistradas.

- O proxecto afecta a:

→ **M.V.M.C. CAXIGAL DE SAN MARTÍÑO:** Exp. 15/78. Pertenza: Airexe, Ansareo, Espiña, Pacios e Valiña. Termo municipal O Corgo.

- ♦ Afectación: superficie aproximada de 94 ha. As especies afectadas son *Pinus radiata*, *Pinus pinaster*, *Eucaliptus nitens* e mistura de frondosas.

→ **M.V.M.C. CAXIGAL DE SAN ESTEBO:** Exp. 14/78. Pertenza Santo Estevo. Termo municipal de O Corgo.

- ♦ Afectación: superficie 9,6 ha. A especie afectada é *Pinus radiata*
- ♦ Monte en xestión pública e afecta a unha superficie de 7 ha. Especie afectada *Pinus pinaster* duns 35 anos de idade.

→ **M.V.M.C. CAXIGAL, GÁNDARA, COTÓN E SEARA:** Exp. 27/78. Pertenza Páramo. Termo municipal Castroverde.

- ♦ Afectación: superficie 33 ha. As especies afectadas son *Pinus radiata* e *Pinus pinaster*.





→ **M.V.M.C. CAXIGAL:** Exp. 19/78. Pertenza: Caxigal e Seara. Termo municipal Castroverde.

- ♦ Afectación: superficie 3,25 ha. As especies afectadas *Pinus radiata* e *Eucalyptus nitens*.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

- Lei 8/2009, do 22 de decembro, pola que se regula o aproveitamento eólico en Galicia e se crea o canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental (DOG núm. 252, do 29 de decembro).
 - No seu artigo 45.7. Prevalencia en afeccións a montes veciñais en man común.
 - Na disposición adicional terceira. Infraestruturas de evacuación.
 - Na disposición transitoria segunda. Áreas de desenvolvemento eólico (ADE)
- Decreto 260/1992, de 4 de setembro, que regula a Lei 13/1989, de 10 outubro, de montes veciñais en man común (DOG. Núm. 186, do 23 de setembro).
 - No seu artigo 6. Expropiación Forzosa.
 - No seu artigo 7. Ocupación e servidumes.
- Lei 7/2012, do 28 de xuño, de Montes de Galicia (DOG núm. 140, do 23 de xullo).
 - No seu artigo 58. Uso e actividade forestal.
 - No seu artigo 59. Cambio de uso forestal.
 - No seu artigo 66. Informe sobre os instrumentos de ordenación do territorio e sobre o planeamento urbanístico.
 - No seu artigo 68. Distancias das repoboacións.
 - No seu artigo 68 bis. Adecuación das masas arboradas e das novas plantacións ás distancias mínimas establecidas pola normativa forestal e de defensa contra os incendios forestais.
 - No seu anexo II. Distancias mínimas que deben respectar as novas repoboacións.
- Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, modificada pola Lei 7/2012, de 28 de xuño, de montes de Galicia. (DOG núm. 74 do 17 de abril).
 - No seu artigo 20. Redes primarias de faixas de xestión de biomasa.
 - No seu artigo 20 bis. Redes primarias de faixas de xestión de biomasa.





- Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, modificada pola Lei 9/2018, do 5 de decembro. (BOE núm. 294, do 6 de decembro).
 - No seu artigo 7.1. Ámbito da aplicación da AIA.
 - No seu artigo 34. Actuacións previas: consulta as administracións públicas afectadas.
- Lei 24/2013, do 26 de decembro, do sector eléctrico (BOE num. 310, do 27 de decembro) e a resolución do 19 de febreiro de 2014, pola que se aproba o procedemento de autorización administrativa de construción de acordo co previsto nesta Lei (DOG núm. 54, do 19 de marzo).
 - No seu artigo 53. Autorización de instalación de transporte, de distribución, produción e liñas directas

Por todo o exposto, e ratificando os datos recollidos no informe do Distritos Forestal IX sobre o proxecto “Parque Eólico Reboiro” e polo cumprimento do artigo 34 da Lei 21/2013, do 9 de decembro de avaliación ambiental

INFORMO

De acordo cos datos do Servizo de Montes e os informes emitidos polos Distritos Forestais, o Parque Eólico Reboiro afecta a montes veciñais en man común, polo que será necesario o informe do Servizo de Montes sobre compatibilidade e prevalencia de ambas utilidades públicas.

O Servizo de Montes lembra que, neste tipo de proxectos, dentro das superficies de vocación forestal, convén sempre supoñer a nova clasificación á de protección forestal de xeito, que en cada caso, prevalezan as condicións de uso máis restritivas dentro das correspondentes ás dúas clasificacións, e que os montes conserven integramente a clasificación que incide na conservación dos seus valores forestais. Ademais, este servizo considera que para estes proxectos o cambio de clasificación debería limitarse ás superficies de afección directa dos aeroxeradores e vías, co obxecto de no perder potencial para a produción forestal nos arredores., co obxecto de no perder potencial para a produción forestal nos arredores.





Lugo,

O Xefe de Servizo

Miguel Ángel Cela González

V. e pr.

A Xefa Territorial

María Olga Iglesias Fontal

